

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo abre o prazo de recepción de curtametraxes, longametraxes, webseries e documentais ata o 30 de xuño

- A VII edición, organizada pola asociación AGAIN, celebrarase do 18 ao 22 de outubro.

A Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN) organiza o VII Festival Internacional de Cinema Inclusivo de Vigo, co obxectivo de dar a coñecer, apoiar e valorar proxectos cinematográficos realizados por e para a inclusión, a igualdade e a difusión universal da sétima arte.

Ábrese o prazo de admisión de curtametraxes, longametraxes de ficción, documentais e webseries desde o 12 de abril ao 30 de xuño de 2022. A temática das curtametraxes é totalmente libre, podendo ser tanto de ficción como de non-ficción. No caso dos documentais, as longametraxes de ficción e as webseries a temática virará ao redor da inclusión co obxectivo de visibilizar todos aqueles proxectos que toquen de maneira substancial a diversidade funcional, sexual, xeracional, económica ou cultural e o que a rodea.

A duración máxima das obras presentadas será de 25 minutos no caso das curtametraxes e de 180 minutos cando se trate de documentais e longametraxes de ficción (títulos de crédito incluídos en ambos os casos). A inscrición é gratuíta. As obras que se presenten serían realizadas e/ou estreadas preferiblemente con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. As bases pódense consultar na web do Festival (<https://festivalcinevigo.es/bases/>), onde os interesados poden inscribirse para participar.

Para máis información e entrevistas:

<http://www.festivalcinevigo.es/>

prensa@festivalcinevigo.es

659 190 681